UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | | 2024/25 |
| Asignatura (*) | Protección civil e xestión de emerxencias | | Código | 760482009 |
| Titulación | | | | |
| Descriptores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 2º cuadrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Dereito PúblicoEconomíaEducación Física e DeportivaEnxeñaría Naval e IndustrialPsicoloxía | | | |
| Coordinación | Villa Caro, Raul | Correo electrónico | raul.villa@udc.es | |
| Profesorado | Lopez Arránz, Maria Asuncion<br>Martínez Lourido, Antía<br>Rolon Varela, Jose Maria<br>Villa Caro, Raul | Correo electrónico | a.larranz@udc.es<br>a.mlourido@udc.es<br>j.rolon@udc.es<br>raul.villa@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Segundo a Lei 2/1985, de 21 de xaneiro e a Sentenza do Tribunal Constitucional 139/1990, de 19 de xullo, a protección civil ten como finalidade a preservación de persoas e bens en situación de emerxencia, concretamente, a protección física das persoas e dos bens, en situación de grave risco colectivo, calamidade pública ou catástrofe extraordinaria, en que a seguridade e a vida das persoas poden perigar e sucumbir masivamente.<br><br>En todo caso, a regulación legal desta materia evidencia que a protección civil é unha función dos poderes públicos, de modo que se configura como un auténtico servizo público, cuxa razón de ser non é outra que a realidade de catástrofes ou calamidades naturais que poñen en perigo ás persoas ou ás cousas e que precisan, para a súa superación eficaz, da posta en marcha de medidas e medios extraordinarios por comparación aos que son suficientes para as comúns hipoteses de riscos. Loxicamente, non exclúen a participación e a colaboración de particulares, mais comportan sempre a posta en marcha de estruturas administrativas.<br><br>A finalidade desta materia é de estudar a regulación legal española da protección civil no marco da Unión Europea, tendo en conta a distribución de competencias neste asunto, a organización administrativa dos servizos de protección civil e, por último, as actuacións tanto preventivas como planificadoras necesarias ao respecto. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| A9 Analizar e previr situacións de grave risco, catástrofe ou calamidade pública | AP1<br>AP9 | | |
| A10 Desenvolver un sistema de autoprotección para centros, establecementos e dependencias, e o correspondente plan de emerxencia para accións de prevención de riscos, alarma, evacuación e socorro. | AP10 | | |
| C6 Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse | | | CM1<br>CM3<br>CM4<br>CM5<br>CM6 |
| C7 Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. | | | CM7 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| C8  Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade | | | CM8 |
| Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación. | | BP1 | |
| Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo | | BP2 | |
| Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos | | BP3<br>BP4 | |
| Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións (e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan) a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades. | | BP4 | |
| Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirigido ou autónomo. | | BP5 | |

**Contidos**

| Temas | Subtemas |
|---|---|
| As políticas públicas de protección civil e o réxime xurídico-constitucional da protección civil como servizo público. Análise dos riscos. A planificación da protección civil. | 1. A protección civil como servizo público.<br>2. O réxime xurídico do sistema español de protección civil no marco da Unión Europea.<br>3. A organización administrativa estatal, autonómica e local dos servizos de protección civil.<br>4.  Os riscos como obxecto de atención do servizo público de protección civil e a súa orixe como criterio de clasificación. Os riscos naturais, antrópicos, tecnolóxicos.<br>5.Plans territoriais, Plans especiais, outros plans de protección civil. |
| A intervención nos riscos | 1. As mercadorías perigosas.<br>2. Técnicas e procedementos de intervención en accidentes con substancias radioactivas.<br>3. Técnicas e procedementos de intervención en accidentes con risco biolóxico.<br>4. Emerxencias por incendios forestais.<br>5. Incendios en contornas urbanas e industriais. |
| Os recursos de intervención e a coordinación de emerxencias. A tecnoloxía aplicada á xestión de emerxencias. | 1. Os centros de coordinación de emerxencias.<br>2. O teléfono único de emerxencias.<br>3. Coordinación e mando das emerxencias no terreo.<br>4. Servizos de prevención e extención de incendios.<br>5. As forzas e corpos de seguridade.<br>6. Os recursos sanitarios.<br>7. Voluntariado de protección civil.<br>8.  As comunicacións. Os sistemas de información xeográfica. As aplicacións de análises de consecuencias en accidentes con substancias perigosas. O sistema integrado de xestión de urxencias e emerxencias. Simuladores de incendios forestais. A xestión da calidade da xestión de emerxencias. |
| Psicoloxía das emerxencias. | 1. Intervención psicoloxica en catástrofes e emerxencias. |
| Emerxencias no medio acuático | 1. Prevención de riscos no medio acuático.<br>2. Tratamento prehospitalario de victimas de accidentes no medio acuático.<br>3.  Soporte vital  básico y Cadena de supervivencia. |

**Planificación**

| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
|---|---|---|---|---|
| Discusión dirixida | A1 B4 | 5 | 30 | 35 |
| Proba obxectiva | A9 A10 B1 C1 | 3 | 17 | 20 |
| Estudo de casos | B2 C3 C5 | 14 | 30 | 44 |
| Solución de problemas | B3 C6 C7 | 5 | 25 | 30 |
| Sesión maxistral | B5 C4 C8 | 15 | 5 | 20 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Discusión dirixida | Técnica de dinámica de grupos en que os membros dun grupo discuten sobre un tema, previamente preparado |
| Proba obxectiva | Proba escrita empregada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo rasgo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. É un instrumento de medida, elaborado rigurosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas e rendimento, entre outras cousas. A proba en cuestión pode combinar distintos tipos de preguntas, tales como preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e de asociación. Igualmente, pode construírse con só tipo de algunha destas preguntas. |
| Estudo de casos | Perante unha situación específica que plantea un problema, trátase de comprender, valorar e resolver a través dun proceso de discusión. Ante un problema en concreto (caso), que describe unha situación real, o estudantado debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razonada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos. |
| Solución de problemas | Trátase de resolver unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se teñan traballado, que poden ter máis dunha solución. |
| Sesión maxistral | Exposición oral que ten por finalidade transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como "conferencia", "método expositivo" ou "lección maxistral". Esta última modalidade tamén pode reservarse a un tipo especial de lección impartida en ocasións especiais non só polo docente encargado da materia, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso casi exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Discusión dirixida<br>Estudo de casos<br>Solución de problemas | Discusión dirixida. Técnica de dinámica de grupos en que os membros dun grupo discuten sobre un tema, previamente preparado.<br><br>Estudo de casos. Perante unha situación específica que plantea un problema, trátase de comprender, valorar e resolver a través dun proceso de discusión. Ante un problema en concreto (caso), que describe unha situación real, o estudantado debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razonada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos.<br><br>Solución de problemas. Trátase de resolver unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se teñan traballado, que poden ter máis dunha solución. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Competencias / Resultados** | **Descrición** | **Cualificación** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Sesión maxistral | B5 C4 C8 | Exposición oral que ten por finalidade transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como "conferencia", "método expositivo" ou "lección maxistral". Esta última modalidade tamén pode reservarse a un tipo especial de lección impartida en ocasións especiais non só polo docente encargado da materia, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso casi exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia. | 10 |
| Discusión dirixida | A1 B4 | Técnica de dinámica de grupos en que os membros dun grupo discuten sobre un tema, previamente preparado | 10 |
| Proba obxectiva | A9 A10 B1 C1 | Proba obxectiva  Proba escrita empregada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo rasgo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. É un instrumento de medida, elaborado rigurosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas e rendimento, entre outras cousas. A proba en cuestión pode combinar distintos tipos de preguntas, tales como preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e de asociación. Igualmente, pode construírse cun só tipo de algunha destas preguntas. | 60 |
| Estudo de casos | B2 C3 C5 | Perante unha situación específica que plantea un problema, trátase de comprender, valorar e resolver a través dun proceso de discusión. Ante un problema en concreto (caso), que describe unha situación real, o estudantado debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razonada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos. | 10 |
| Solución de problemas | B3 C6 C7 | Trátase de resolver unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se teñan traballado, que poden ter máis dunha solución. | 10 |

## Observacións avaliación

Os alumnos que teñan recoñecido dedicación a tempo parcial desta materia, (sempre que devandito recoñecemento sexa oficial) terán a posibilidade de superar a mesma a través dun exame teórico práctico que levará a cabo nas datas establecidas oficialmente pola Facultade e haberán de presentar para asistir ao mesmo un cartafol  con todos os exercicios que se lle fagan chegar a través da plataforma moodle. En canto á segunda convocatoria os requisitos serán os mesmos que na primeira convocatoria. A calificación será sobre 9.

En caso de facer probas parciais dos temas, farase media das notas obtidas en cada un, sempre que en todas elas a nota obtida sexa igual ou superior ao tres.No caso de que nalgunha delas obtivese nota inferior ao tres, o alumno terá que realizar unha proba escrita desa parte, na data prevista no calendario oficial de exames.Segundo os cursos, a avaliación realizarase mediante probas obxectivas ou combinado con traballos en clase ou fóra de clase. Ao comezo do cuadrimestre o profesor/és indicarán claramente o modo de avaliación: indicando qué se evalua e como. Preferiblemente, se deixará constancia en Moodle do indicado en clase subindo un arquivo con nome "Avaliación de los temas xx e xxx" ou "Avaliación do profesor xxx".A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0? na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación para a convocatoria extraordinaria.

## Fontes de información

| | |
|---|---|
| Bibliografía básica | - A. Menéndez Rexach (Director) e A. de Marcos Fernández (Coordinadora) (2011). Protección civil y emergencias: Régimen Jurídico. Madrid, La Ley (Grupo Wolters Kluwer)<br>- J. Barcelona Llop (2007). La Protección Civil Municipal. Madrid, Iustel<br>- J. Ochoa Monzó (1996). Riesgos mayores y protección civil. Madrid, McGraw-Hill<br>- J. Ochoa Monzó (1995). Protección civil [en A. Montoya Melgar (Director) Enciclopedia Jurídica Básica]. Madrid, Civitas<br>- González, F., Palacios, J. y otros (2008). Primeros auxilios y socorrismo acuático: prevención e intervención. Madrid, Paraninfo<br>- Palacios, José (2010). Prevención de riesgos acuáticos y ahogamientos. . Real Federación Española de Natación |
| Bibliografía complementaria | |

| Recomendacións |
|---|
| Materias que se recomenda ter cursado previamente |
| |
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
| |
| Materias que continúan o temario |
| |
| Observacións |
| Convén a asistencia ás aulas, a realización de todas as actividades que se planifiquen nestas e a participación nos actos tanto académicos como non académicos, organizados polos docentes que imparten a materia como pola propia Facultade de Ciencias do Traballo, sen prexuízo da asistencia a actos organizados por outras institucións.<br><br>En aras a contribuír cun medio ambiente responsable, desde esta materia pretendese contribuír, non utilizando  máis que o papel imprescindible, no caso de los examines e algúns traballos de importancia, todo o demais  realizarase por medios telemáticos.<br><br>A materia impartirase baixo un ángulo de xénero, para que o alumno estea sensibilizado coa igualdade. |

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías